



“Circuitos viais”

Actividade para Educación Primaria

Esta etapa ten a peculiaridade de que comprende un abano moi amplo de idades, de 6 a 12 anos, nas que se produce un desenvolvemento evolutivo importante entre o primeiro e o terceiro ciclo. O alumnado ao finalizar o 6º e último curso, xa adquiriu polo xeral, un alto grao de autonomía e mobilidade na zona urbana. Por este motivo, en función da idade adaptamos os coñecementos a impartir, non obstante hai uns contidos principais que comparten ao longo de toda a educación primaria, que son por un lado os coñecementos das normas e sinais, pero sobre todo, a transmisión de actitudes, valores e hábitos que xeren comportamentos viais axeitados na súa condición de viaxeiros, peóns ou condutores.

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (de 6 a 8 anos):

OBXECTIVOS:

- Aprender a camiñar seguros pola cidade respectando as normas como peóns.
- Entender a importancia do uso do cinto de seguridade no coche e no bus escolar, así como do casco nas motocicletas.
- Aprender a circular en bicicleta de forma segura pola cidade, así como concienciarse das vantaxes do uso do casco na bicicleta.
- Respetar as normas de cortesía e seguridade no transporte urbano.
- Relacionarse coa Policía Local dende unha perspectiva formativa e colaboradora.

ACTIVIDADES:

- Presentación e explicación das funcións da Policía Local. De forma interactiva, buscando a retroacción na comunicación.
- Visionado e posterior debate dos vídeos de Green Light: "Ao baixar do coche"; "Os semáforos".
- Visionado e posterior debate do vídeo o cinto de seguridade no autobús.

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 2 horas.



Concello de A Coruña
Concellaría de Tráfico, Mobilidade, Uso e Utilización de Dominio
Público



RECURSOS:

- Proxector e reprodutor de vídeo.



2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (de 8 a 10 anos)

OBXECTIVOS:

- Aprender a camiñar seguros pola cidade respectando as normas como peóns.
- Entender a importancia do uso do cinto de seguridade no coche e no bus escolar, así como do casco nas motocicletas.
- Concienciarse das vantaxes do uso do casco na bicicleta.
- Relacionarse coa Policía Local dende unha perspectiva formativa e colaboradora.

ACTIVIDADES:

- Presentación e explicación das funcións da Policía Local. De forma interactiva, buscando favorecer a comunicación.
- Visualización dun power point de elaboración propia, con vídeos inseridos, sobre consellos de seguridade vial, e debate posterior.

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 2 horas.

RECURSOS:

- Ordenador con proxector.
- Pasador de diapositivas.



3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (de 10 a 12 anos):

OBXECTIVOS:

- Interpretar situacións e crear hábitos de prudencia en relación ao tráfico.
- Tomar conciencia da necesidade do uso do cinto de seguridade no coche e o bus escolar; así como do casco nas motocicletas.
- Comportarse de xeito responsable na condución de bicicletas tendo conciencia dos perigos que poida supoñer e respectando as normas e sinais relativos á circulación de tales vehículos.
- Ter actitudes de respecto ás normas e cara aos Policías Locais como responsables do tráfico na cidade.
- Desenvolver actitudes positivas relacionadas coa educación ambiental e a mobilidade sostible: uso das bicicletas e do transporte colectivo.

ACTIVIDADES:

- Presentación e explicación das funcións da Policía Local. De forma interactiva, buscando favorecer a comunicación .
- Relación dunhas preguntas grupais para descubrir o seu grao de autonomía e o seu coñecemento sobre normas de seguridade como peóns, condutores de bicicletas ou usuarios do transporte urbano.
- Visualización dun power point de elaboración propia, con vídeos inseridos sobre consellos de seguridade vial, e debate posterior.

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 2 horas.

RECURSOS:

- Ordenador con proxector.
- Pasador de diapositivas.